

OITAVA : VIXENCIA

1.O prazo de vixencia do presente convenio exténdese dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de agosto de 2022, condicionado á execución das obras de musealización das Torres do Allo. De non ser que a musealización entre en funcionamento antes da finalización da vixencia do convenio, nese caso, asumirá a xestión a Deputación Provincial da Coruña.

2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de xuño do 2022, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3.Tanto o período de imputación de gastos, como o período de vixencia, do presente convenio, poderá ser prorrogado de forma expresa (nos mesmos termos que o convenio asinado) por outros 6 meses mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña.

4. Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio presupuestario, e condicionada á execución das obras de musealización das Torres do Allo, sendo que si dita musealización entra en funcionamento antes da finalización da vixencia do convenio, nese caso, asumirá a xestión a Deputación Provincial da Coruña.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm. 50239 de data 28 de decembro de 2021.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. **O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO ZAS**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Manuel Muiño Espasandín

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



CONCELLO DE ZAS

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 19 / 2022

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO E OUTRAS ACTIVIDADES, ANO 2022

Na Coruña, a 8 de abril de 2022.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte, Don Manuel Muiño Espasandín, Alcalde Presidente do Concello de Zas.

Os comparecentes interveñen no uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas e,

EXPOÑEN

1º.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.

2º.- O Concello de Zas leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer máis cercano o patrimonio á xente.

3º.- O Concello de Zas quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na das Torres do Allo..

4º.- Que coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto arquitectónico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Zas, CIF: P-1509400-F por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Zas, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES ÁS TORRES DO ALLO E OUTRAS ACTIVIDADES PARA O ANO 2022.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE ZAS.

1. O concello de Zas **fará constar** en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o **financiamento da Deputación** Provincial da Coruña.
2. O Concello de Zas achegará o persoal necesario para a atención a visitantes das Torres do Allo durante o período de imputación de gastos que figura na cláusula 4ª do convenio. O concello porá en funcionamento o centro e encargárase das visitas que se reciban.
3. O Concello de Zas comprométese á apertura do centro de acordo cos horarios que se establecen na cláusula QUINTA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.**

TERCEIRA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O Concello de Zas comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, que poderán ser modificados por razóns organizativas:

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO PAZO TORRES DO ALLO
TEMPORALIZACIÓN	De 02 de xaneiro ao 30 de decembro de 2022
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Atención ao público durante a súa visita, aportar información e solventar posibles dúbidas.
Comunicación e promoción	Elaboración dun programa de comunicación (web, xestión de redes sociais, Social Media Plan e Plan de medios).
Programa didáctico	Desenvolvemento de actividades e obradoiros didácticos. Promoción e xestión de reservas .
Actividades de Animación	Organización de varias actividades de animación relacionadas co Pazo.
Horario de apertura	Variará en función da tempada: <ul style="list-style-type: none">- Do 2 de xaneiro ao 14 de xuño (salvo Semana Santa) abrirase sábados, domingos e festivos de 11:00 a 19:00 horas.- En Semana Santa abrirase de 11:00 a 20:00 horas.- Do 15 de xuño ao 15 de setembro abrirase de luns a venres de 11:00 a 20:00, e sábados e domingos de 11:00 a 21:00 horas.- Do 16 de setembro ao 30 de decembro abrirase os sábados, domingo e festivos de 11:00 a 19:00 horas.- Torres do Allo permanecerá pechado os días 1 a 6 de xaneiro; 24, 25 e 31 de decembro.
Visitas guiadas	Realizaranse 2 visitas guiadas ao día, para todos os públicos. Tamén se ofrecerá a posibilidade de realizar reservas para grupos fóra dos horarios de visita regular.
Xogo de Pistas	É unha actividade orientada ao público familiar. Trátase de coñecer o pazo e a súa contorna dun xeito divertido buscando e solucionando as pistas agochadas nos elementos que conforman o BIC. A realizar dentro do horario de apertura. Durante o ano 2022 renovarase o antigo xogo e farase un novo con novos restos e pistas. O obxectivo é non só actualizar e mellorar a oferta existente senón tamén renovar o interese daquelas persoas que xa participaron no antigo xogo.

CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. A Deputación Provincial da Coruña abonará o importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 50.000,00 euros, durante a anualidade de 2022, do 2 de xaneiro de 2022 ao 30 de decembro de 2022 con cargo á aplicación 0112/3363/22609 ao concello de Zas, correspondendo ata un máximo de 25.000,00 euros para o período de imputación de gastos que figura no convenio, do 2 de xaneiro de 2022 ao 30 de xuño de 2022, e un máximo de 50.000,00 euros, ao período de imputación de gastos da prórroga (nos mesmos termos que o convenio asinado) prevista na cláusula oitava do presente convenio, no caso de que se produza, todo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente, e condicionado á execución das obras de musealización do Centro de Interpretación do entorno fluvial do río Mandeo, sendo que si dita musealización entra en funcionamento antes da finalización do convenio, en tal caso asumiría a xestión a Deputación provincial da Coruña, financiando só os gastos xustificandos.
2. No caso de que os gastos xustificandos non cubertas con ingresos da actividade, foran superiores, a aportación provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula 4ª do convenio.
3. Aboarase de conformidade co disposto na cláusula 5ª do texto do convenio.

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Zas a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

- Efectuaranse pagos trimestrais, polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito ano, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Zas.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Zas deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.